



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

INSTITUTO DE ENSINO SECUNDARIO SAN CLEMENTE
Rúa San Clemente s/n. 15705 Santiago de Compostela
Teléfono: 0034 881 867 501 - Fax: 0034 881 867 538
www.ies Sanclemente.net - ies.sanclemente@edu.xunta.es



MEMORIA DO PLAN DE IGUALDADE 2021-2022



Obradoiro da Igualdade

IES San Clemente

Carme Otero, Manuel Gómez, Isabel Gamallo

Introducción:

Un dos nosos obxectivos principais neste curso 2021-2022 foi romper coa transmisión dos estereotipos e eliminar todos os tipos de desigualdades, incidindo na desigualdade de xénero así como para pór en valor a diversidade no IES San Clemente, así como visibilizar a figura da muller no ámbito tecnolóxico tratando de analizar a fenda de xénero no sector.

Actividades realizadas:

- ✓ 3º certame de cartazes do 25N
- ✓ Participación no clube Tripé no Segundo trimestre coa lectura dun libro relacionado coa igualdade.(2º concurso Experiencia Lectora: igualdade).
- ✓ Campaña concienciación contra violencia de xénero: Proxección videos: “10 formas de violencia de xénero dixital”, “ Spot 016 - A violencia sexual non é unha película” e “ #AViolenciaQueNonVes”.
- ✓ Difusión 11F Dia da muller e a nena na ciencia: Charlas online da USC de Enxeñeiras Informáticas
- ✓ Difusión 11F: Proxección do video “12 mulleres que transformaron a ciencia”
- ✓ Ampliación da sección “Igualdade de xénero e diversidade” da Biblioteca do centro.
- ✓ Difusión 8M día Internacional da muller: Proxección do video “Historia do 8M”
- ✓ 3º Certame de fotografía “Mulleres na sombra”
- ✓ Difusión concurso de Viñetas Matildas da Deputación da Coruña.
- ✓ 2º Certame radiofónico – Mulleres na sombra
- * Exposición da UDV “ As Mulleres que nos levaron á lúa”



- * Visita guiada “As mulleres en Compostela”

Balance das actividades:

Todas as actividades programadas foron desenvolvidas, e ademáis tendo en conta que o alumnado de 2º curso presencial ordinario, cando remata a 2ª avaliación, comezan o período de prácticas fora do centro.

Consideramos que na meirande parte das actividades o alumnado implicouse moi activamente, superando enormemente as expectativas que tiñamos inicialmente. Entendemos que este traballo deixa unha forte pegada a nivel individual e axuda a despertar actitudes de respecto e igualdade, así coma unha maior conciencia da situación actual das mulleres.

As actividades sinaladas con * aínda que foron programadas durante este curso por razóns de axenda da organización foron adiadas ao vindeiro curso 2022-2023.

Propostas de mellora:

- Crecer na difusión e acadar a maior implicación de toda a comunidade educativa do IES San Clemente através das ferramentas existentes na nosa comunidade educativa como a nosa web, e promover a creación de contidos nas nosas redes sociais , etc
- Continuar coa promoción do uso da sección de “Igualdade de xénero e diversidade” da biblioteca, e afondar na colaboración co [Clube Tripé](#) que tan boa acollida está a ter no alumnado.
- Continuar e ampliar a colaboración coa **EOI de Vilagarcía de Arousa** e o proxecto eTwinning *LusoMicroFonia desenvolvido polo compañeiro Marcos Vence*, no certame radiofónico – Mulleres na sombra
- Achegarnos máis ao alumnado e a toda a comunidade educativa, a través da publicación de maior cantidade de novas, contidos audiovisuais e artigos máis encamiñados á sensibilización e concienciación sobre a igualdade de xénero e diversidade, facendo reflexionar sobre pequenos aspectos do día a día.



- Estreitar os lazos co profesorado de diferentes centros e ensinanzas, para a promoción das distintas actividades entre o alumnado.

- Avaliar a opción de facer extensivo o proxecto a través da plataforma eTwinning.

Dispoñible na web no apartado [Informe final](#) na páxina do Obradoiro da Igualdade.